



DATOS IDENTIFICATIVOS

A Actividade Física en Poboacións Especiais: Persoas con Discapacidade Física, Psíquica e Sensorial

Materia	A Actividade Física en Poboacións Especiais: Persoas con Discapacidade Física, Psíquica e Sensorial			
Código	P02M081V01206			
Titulación	Máster Universitario en Necesidades Específicas de Apoio Educativo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Martínez Lemos, Rodolfo Ivan			
Profesorado	Ayan Perez, Carlos Luis Martínez Lemos, Rodolfo Ivan			
Correo-e	ivanmartinez@uvigo.es			
Web	http://masterapoioeducativo.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	A materia é un compendio da evidencia actual dispoñible e a experiencia acreditada de profesionais e institucións, cuxo obxectivo último é conseguir a mellor práctica docente en Actividade Física para Poboacións Especiais.			

Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
B1	Saber aplicar os coñecementos adquiridos sobre o funcionamento dos procesos neuropsicolóxicos, das dificultades de aprendizaxe e os trastornos do desenvolvemento, a través de respostas axustadas de tipo organizativo, curricular e social dos centros educativos e os servizos de apoio, incluíndo a actividade física para poboacións especiais.
B2	Ser capaz de sintetizar e integrar os coñecementos adquiridos sobre avaliación e intervención para aplicarlos en contextos sociais e de aprendizaxe do estudante, conforme ás necesidades de apoio das persoas con necesidades específicas así como a promoción da actividade física tendo en conta a poboacións especiais, fomentado melloras na súa saúde e calidade de vida, desde a intervención para a atención á diversidade sen diferenciar en canto a xénero, oportunidades e accesibilidade para todos
B3	Desenvolver e saber comunicar adecuadamente o resultado dos seus programas de asesoramento e de intervención educativa coas familias de persoas con dificultades de aprendizaxe e desenvolvemento, fomentado a participación como unha metodoloxía para a integración, e estimulando a realización de proxectos que, tendo en conta os valores democráticos da sociedade europea actual, inclúan as TIC, o deporte adaptado e a actividade física para persoas con distintas capacidades.

- B4 Saber xeneralizar a distintas contextos e situacións o coñecemento e as destrezas adquiridas e continuar estudando en gran medida de modo autónomo como procura de solucións e alternativas ás cuestións suscitadas, axustando as habilidades pertinentes de aprendizaxe autodirixido, incluíndo reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas que supón a atención á diversidade.
- C1 Saber aplicar sistemas de avaliación e intervención á determinación das necesidades educativas especiais dos estudantes con discapacidade intelectual, motriz e sensorial; de dificultades de aprendizaxe derivadas do contexto sociocultural, de discriminación por razóns de xénero, clase e etnia e de dificultades de aprendizaxe específicas (lectura, escritura e cálculo) delimitando os ámbitos prioritarios de actuación e os apoios requiridos para promover a aprendizaxe significativa e relevante.
- C3 Coñecer os sistemas adecuados para intervir na mellora da competencia persoal do alumnado naqueles ámbitos do seu desenvolvemento psicolóxico, social, de actividade física e deportivo que poidan relacionarse coas súas necesidades educativas especiais.
- C4 Xerar destrezas para aprender a deseñar, en colaboración co profesorado de aula, plans de traballo individualizado para o alumnado con necesidades educativas específicas integrados na resposta organizativa do centro e nos servizos de apoio, utilizando as TIC e favorecidos por actividades de deporte adaptado ou paralímpico e que potencien actividades de saúde e calidade de vida.
- C6 Saber avaliar as implicacións do uso de diferentes respostas educativas ante os problemas derivados da atención á diversidade.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprender a natureza do desenvolvemento en persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial.	A2 B1 C1
Coñecer as distintas condicións experimentais da intervención sobre o desenvolvemento en persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial.	A1 A2 B1 C3
Ser capaz de elaborar e deseñar programas de intervención no desenvolvemento en persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial. e aplicalos conforme ás ás necesidades de apoio específico dos persoas con estas necesidades específicas de apoio educativo.	A2 A3 B1 B4 C3 C4
Sintetizar os principais resultados obtidos na aplicación, conforme ás condicións do deseño, valorando a súa achega ao coñecemento actual.	A3 B2 C3 C4 C6
Avaliar os resultados dos programas de intervención aplicados en termos do coñecemento actual do curso.	A2 A3 B1 B2 C3 C4 C6
Ser capaz de comunicar e aplicar os seus resultados en situacións de apoio educativo	A4 B3 C1

Contidos

Tema
Análise e valoración de composición corporal en poboacións especiais (PE). *
Análise e valoración da forza-resistencia corporal en PE. *
Análise e valoración da capacidade cardio-respiratoria en PE. *
Análise e valoración da flexibilidade e mobilidade articular en PE. *

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	3	0	3

Seminarios	5	10	15
Traballos de aula	7	7	14
Traballos e proxectos	0	43	43

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado do contido principal dos temas.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre temas específicos da materia e á análise dos procedementos utilizados na formulación sobre o tema.
Traballos de aula	Desenvolvemento de exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do docente. Pode estar vinculado con actividades autónomas do estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	Apoio e asesoramento para a organización de actividades de debate enfocadas ao traballo sobre temáticas específicas que permitan profundar nos contidos da materia.
Traballos de aula	Orientación sobre contidos e actividades expostas sobre a materia e resolución de dúbidas sobre contidos teóricos ou actividades prácticas.

Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Orientación sobre a planificación, elaboración e presentación dos traballos prácticos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Seminarios	Valoración da participación activa do estudante na discusión de documentos científicos, casos ou outras actividades propostas na aula	20	A2 A3	B1 B2	C1 C3 C4
Traballos de aula	Avaliación dos exercicios ou proxectos realizados na aula e/ou das actividades autónomas do estudante	40	A1 A2 A3	B2 B3 B4	C1 C3 C4 C6
Traballos e proxectos	Elaboración e presentación oral e escrita de informes, por parte dos estudantes, relacionados cos contidos e/ou procedementos do módulo correspondente	40	A1 A2 A3 A4	B1 B2 B3 B4	C1 C3 C4 C6

Outros comentarios sobre a Avaliación

Este máster ten a modalidade de ensino presencial, por tanto a asistencia a clase e a realización dos traballos de aula son obrigatorios para a avaliación continua. Esta asistencia debe ser, polo menos, do 80% estando admitido faltar ao 20% da presencialidade.

Para superar a materia será necesario que os estudantes obteñan en cada proba ou actividade obxecto de avaliación como mínimo o 50% da cualificación nese apartado

Aqueles estudantes que non superen algunha das probas ou actividades poderán presentarse á avaliación do segundo cuatrimestre, que se celebrará no período oficial establecido, acorde ao programa da materia.

Haberá unha segunda convocatoria no mes de xullo na que se avaliarán as competencias non adquiridas polo estudante durante o curso académico.

Bibliografía. Fontes de información

Recomendacións

Outros comentarios

RECOMÉNDASE:

- A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.
 - A asistencia continuada ás sesións de clases e ás titorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes
 - O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.
-